

VIERNES, 9 de diciembre de 2011

REPORTAJE: LUCES

Identidades disidentes

A visibilidade das opcións sexuais non heteronormativas é cativa na literatura galega

MONTSE GONZÁLEZ | 9 DIC 2011

Archivado en: Comunidades autónomas Homosexualidad Administración autonómica Galicia Sexualidad Literatura Administración pública España Sociedad Cultura

Cantos títulos da literatura galega pode citar nos que a homosexualidade apareza, dalgún ou outro xeito, reflectida? Non é este un tema do que se ocupasen moito nin a investigación académica nin a crítica. Por iso pode cualificarse de histórica a oportunidade para a reflexión que supuxo a celebración en Ourense das xornadas *A marxinalidade na cultura: a homosexualidade*, organizadas pola Fundación Vicente Risco.

"Son tan significativas as ausencias como as presenzas", asegura o escritor Antón Lopo, que participou no encontro ourensán. Aínda que, engade, "se ollamos ás literaturas máis próximas, a situación é semellante". A cuestión é, ao seu ver, que "se tentou encadrar na marxinalidade algo que é central: *A esmorga* foi definida como a mellor novela da literatura galega." A novela de Eduardo Blanco Amor é unha das poucas obras neste sentido que, parecen, de feito, ter o un lugar no canon. Asentada a interpretación sobre a tensión sexual entre o Bocas e o Milhomes, a profesora da Universidade da Coruña Carme Fernández foi máis alá cunha hipótese que expuxo nas Universidades de Oxford e Massachusetts: Cibrán podería estar tamén agochando a súa homosexualidade. Pero a creación de Blanco Amor abriu máis debates. O Pen Clube de Galicia e Galaxia editaron *Ars Amandi*, un volume que analiza como a poesía do autor ourensán reivindica a súa condición homosexual.

"Aquí a escrita gai e lesbiana aínda está 'armarizada", afirma Beatriz Briones

Isaac Lourido cre que a situación cambiou desde a xeración dos oitenta

O filólogo Carlos Callón, coordinador das xornadas, contribuíu co seu ensaio *Amigos e sodomitas: a configuración da homosexualidade na Idade Media* a visibilizar máis a pegada das sexualidades non heteronormativas nas nosas letras. Mais non é necesario ir ao medievo. Francisco Rodríguez apuntou os símbolos andróxinos de Rosalía de Castro como mostras da súa sensibilidade homoerótica. Calquera intento de percorrer a historia da relación entre homosexualidade e literatura galega contemporánea atopa, porén, con serias dificultades.

Primeiro, de definición. O poeta e crítico Gonzalo Hermo -que cre que houbo un "silenciamento" da homosexualidade na literatura-, propón unha estratexia *queer* para abordar a cuestión. Nin o criterio autorial -que a obra sexa escrita por una persoa gai, lesbiana, bisexual, transexual...-; nin o repertorial -que fale de lesbianas, gais...- nin a recepción -que reflecta unha cosmovisión lésbica, gai...- lle parecen criterios operativos para distinguir unha hipotética *literatura homosexual* ou *literatura LGBT* (siglas de lesbianas, gais, bisesuais e transexuais). Así, prefere falar de "escrita *queer*", é dicir, aquela que pretende desestabilizar o discurso heteropatriarcal.

Baixo esta premisa, salienta traballos de Ana Romaní, Yolanda Castaño, Samuel Solleiro,

Xiana Arias, Andrea Nunes, Fran Cortegoso ou Antón Lopo. Tamén a profesora e escritora Teresa Moure defendeu en Ourense unha perspectiva *queer*. Situou, nesta senda do cuestionamento da sexualidade canónica a María Xosé Queizán, Xavier Queipo, Mario Regueira, María Reimóndez ou Xosé Vázquez Pintor, entre outros. Con ese mesmo enfoque Carlos Callón realizou na *Revista das Letras* unha escolma na que incluía textos de Manuel Antonio, Álvaro de las Casas, Lorenzo Varela, Fermín Bouza Brey ou Antom Fortes, entre outros. Ocorre que ás veces os autores e autoras non se recoñecen nos discursos xerados pola crítica. Existe, ademais, medo ao encadramento: a ser sinalado como creador ou creadora para *minorías* ou como gai, lesbiana, e en, consecuencia converterse en obxecto de cotilleos.

"É que os debates contemporáneos arredor do xénero e as identidades sexuais aquí levan bastante retraso", sostén a profesora Beatriz Briones. Neste contexto, "a literatura galega lesbiana ou gai tende a estar aínda *armarizada*", polo que o traballo de visibilización que noutros países se desenvolveu nos oitenta está por facer. A tamén profesora e crítica Helena González engade que "a galega é unha cultura moi pudorosa". O crítico Isaac Lourido sinala, pola contra, o avance que supuxo neste sentido a xeración poética dos noventa, e xa algúns dos nomes dos oitenta.

A profesora e crítica Dolores Vilavedra recorda *Precipicios* de Beatriz Dacosta ou a moi recente *Poñente*, de Pere Tobaruela. E lanza dúas hipóteses: "Pode haber inhibición por medo a problemas. Pero se cadra o que pasa é que se acepta como algo natural, recóllese a madurez da sociedade niso, e por iso non se di nada na crítica". Outro debate é a evolución do discurso literario sobre as identidades sexuais. Que ten que ver *Peito de vimbio* de Alfonso Álvarez Cáccamo con *Fábula* de Xavier Alcalá?

O filólogo Paulo Filgueiras analizou esas mudanzas a través da comparación d' *A semellanza* de Queizán, *Enriqueta na galería* de Lois Diéguez e *Ganga* de Antón Lopo. No primeiro aprecia "patoloxización" do personaxe principal. No segundo ve unha denuncia da represión social da homosexualidade. E na terceira o exemplo dunha novela que "non busca a integración, nin a tolerancia social, só desafía o discurso heteropatriarcal dominante".

Soraya Domínguez presentou unha comunicación no IX Congreso Internacional da AIEG na que conclúe, a partir do estudo de *Ten o seu punto a fresca rosa* de Queizán, *Lobosandaus* de Xosé Luis Méndez Ferrín, *Precipicios* de Beatriz Dacosta e *Unha puta percorre Europa* de Alberto Lema que a representación do lesbianismo trata de facer ver tanto a súa invisibilidade social, como a lesbofobia ou a autolesbofobia. A propia Queizán, que tamén introduce unha parella de lesbianas na súa última novela, *Meu pai vai te matar*, cre que "aínda hai moitos prexuízos" e por iso "temor a definirse".

Subliña tamén Queizán como o canon si acepta a escritores ou escritoras que non reflicten a súa homosexualidade nas súas obras. A pregunta é, teñen que facelo? Non é responsabilidade do conxunto social tentar normalizar a situación? Non ten dereito cada un a facer co seu armario o que quere? Ela mesma, no seu último libro, non representa unha homosexualidade problematizada. "Porque estamos noutro tempo, que non é o d' *A semellanza*, na que criticaba a ecuación que iguala sexo biolóxico con xénero social", aclarou.